

# INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 04-07-2016

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultade de Ciencias
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMIENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input type="checkbox"/> CONFORME <input checked="" type="checkbox"/> NON CONFORME

**Xustificación do Resultado:**

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster da ACSUG do xullo de 2015.

**Cumprimento do proxecto establecido:**

Trátase dun máster que, aparentemente, procede da modificación doutro cun título similar (inclúese a palabra “ambiental” no título). O título parece tentar dar saída de máster aos alumnos de todas as titulacións do centro. De feito, visto o número de materias ofertadas e o número de profesores participantes, parece que todo o centro participa no máster, que ten carácter semipresencial.

En xeral, aprécianse deficiencias en aspectos fundamentais do funcionamento. Así, mentres a información administrativa existente na web é abundante, a información referente a aspectos fundamentais para o seu funcionamento (horarios de clase, horarios de avaliación, TFM, etc) é escasa ou nula. Na aplicación de guías docentes da UVIGO faltan guías dalgunhas materias que se ofertan. Un número apreciable das guías existentes están incompletas e/ou non coinciden en contido esencial coas respectivas fichas da memoria. O sistema de garantía interno de calidade non contén rexistros relativos ao título e a información na web sobre dito sistema é do 2008 (deben existir, polo menos, algúns procedementos actualizados).


Os resultados do título son excelentes, pero cando se ven as cualificacións dos alumnos desagregadas por materias obsérvase que en máis da metade a cualificación de todos os alumnos é “sobresaliente” (con ou sen mención “matrícula de honor”). A Comisión Académica debe analizar esta situación por se fose necesario axustar os criterios de avaliación. Tamén esta comisión debería precisar as diferenzas entre a avaliación na modalidade semipresencial e presencial, xa que non están suficientemente claras.

**Plan de melloras do título:**

Non se aportou o plan de melloras do título para o curso 14-15.

**Modificacións do plan de estudo:**

Vigo, a 4 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

## 1. Valoración do cumprimento

### Resultado:

- |   |                                   |  |
|---|-----------------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> Conforme excelente | <input type="checkbox"/> Conforme | <input checked="" type="checkbox"/> Non Conforme |
| <input type="checkbox"/> A                  | <input type="checkbox"/> B        | <input checked="" type="checkbox"/> D            |
|   | <input type="checkbox"/> C        |  |

### Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	D
Información e Transparencia	C
Sistema de Garantía de Calidade	D
Recursos Humanos	C
Recursos Materiais e Servizos	A
Resultados de Aprendizaxe	C
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	C

**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:** Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias/asignaturas	<p>As materias que hai na aplicación de guías docentes non coinciden coas ofertadas nos horarios que se poden descargar da páxina web en formato pdf (que coinciden coa memoria). Polo tanto, faltan as guías docentes das materias 2, 9,11,13 e 14 da especialidade Ciencias Ambientais, as guías das materias 1 e 9 da especialidade Ciencias Agrarias e Alimentarias e as guías das materias 9 e 13 da especialidade Industrias Alimentarias.</p> <p>Miráronse as materias:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Riscos Químicos na Cadea Alimentaria</li> <li>• Augas termais: Innovación e Desenvolvemento</li> <li>• Fertilizantes e Fertilización</li> <li>• Extractos naturais como antioxidantes</li> <li>• Operacións de Separación avanzadas</li> </ul> <p>En xeral, as guías están nunha única lingua, español ou galego aínda que existan as dúas solapas correspondentes a galego e español.</p> <p>Maioritariamente, as competencias, os resultados de aprendizaxe e os contidos que aparecen nas guías docentes non coinciden cos epígrafes das correspondentes fichas da memoria.</p> <p>A planificación da docencia e a avaliación difire en moitos casos do descrito na memoria.</p>
E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación	<p>As actas aportadas no autoinforme de seguimento son puramente administrativas (admisión de alumnos, POD, etc) e non se tratan asuntos relativos á docencia. Ademais, sería conveniente que aparecieran os documentos anexos cos resultados dos correspondentes acordos (p.ex. listados de admitidos e excluídos, etc).</p>

## 1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Faltan guías docentes na aplicación informática da UVIGO.	NON	
As guías docentes están incompletas e parte dos seus contidos non coinciden coa memoria.	NON	
As guías docentes non se atopan nas dúas linguas oficiais da UVIGO	NON	

## 1.1.2 Valoración do Criterio:

**Organización e Desenvolvemento** **D**

## 1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Non Conformidade	E4	Faltan guías docentes e as que existen están, en xeral, incompletas e/ou non coinciden coas fichas da memoria

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:** Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
A información da organización académica da titulación é completa?	<b>C</b>	<p>A información relevante do título está presente na web. Existen táboas cos diferentes módulos contendo as materias, o seu carácter, duración , etc. Existen discrepancias entre as competencias que figuran nas guías docentes e as que aparecen na memoria. Parece que na elaboración das guías cada profesor colleu as competencias que lle pareceu sen ter en conta o proxecto escrito.</p> <p>En canto aos horarios, existe un listado no que cada materia está asignada a un día do bimestre e unha aula. Sen embargo, dado que a presencialidade de todas as materias é diferente, non queda claro que días teñen que asistir os alumnos ás clases (p.ex. todos os luns do bimestre ou só algúns). Tampouco queda claro cal é a duración de cada clase (1 hora, toda a mañá, etc ). Non existen horarios de exame. TFM. Non hai normativa. Non existe información administrativa de prazos, oferta, etc. O único que queda claro é que ten que ser un “traballo de investigación realizado por el alumno” (guía docente) “co grupo de investigación que elixan” (web).</p> <p>Segundo o calendario publicado debe facerse no cuarto bimestre. Non queda claro cal é a presencialidade nesta actividade, sobre todo cando o carácter do máster é semipresencial.</p> <p>Non existe información sobre a comisión avaliadora, listado de traballos a facer cos correspondentes titores, procedemento para escoller traballo, etc. Non se sabe cantas posibilidades de presentación hai ao longo do curso.</p>
A información do SGC é completa?	<b>D</b>	<p>Non se pode acceder ao sistema de calidade do centro desde a web do título. Na web do título existe un apartado de calidade onde figuran algúns indicadores dos cursos 13-14 e 14-15. As persoas alleas a cuestións de calidade non saben cal é o significado de cada indicador e na web non se explica.</p>
A información dos recursos humanos e materiais é completa?	<b>B</b>	<p>Existe abundante descrición dos recursos humanos e materiais na web.</p> <p>Existe unha táboa co PDI que participa no mestrado. En dita táboa falta, polo menos, o teléfono, a localización física (despacho, centro, campus, etc) e a categoría profesional.</p>

A información dos resultados é completa	<b>C</b>	Non se atopou información de resultados académicos das diferentes materias ou do TFM na web. No apartado de calidade existen os valores das taxas. No informe de Revisión pola Dirección non se aportan datos deste máster.
---	----------	--

### 1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Existe un número relevante de guías docentes nas que as competencias non coinciden coas correspondentes fichas da memoria.	NON	
Os horarios e calendarios de clases e exames están incompletos e/ou son imprecisos.	NON	
A información sobre o TFM é escasa. Non existe: regulamento propio, listaxes de traballos ofertados e asignados, comisión avaliadora, criterios de avaliación, cronograma, etc.	NON	
Falta información sobre o profesorado: teléfono, despacho, categoría profesional, horarios de titoría, foto, etc.	NON	
Falta información sobre os resultados e o análise correspondente no informe de Revisión pola Dirección	NON	

### 1.2.2 Valoración do Criterio:

<b>Información e Transparencia</b>	<b>C</b>
------------------------------------	----------

### 1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	web	Falta información importante para o correcto desenvolvemento do título

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:** Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	Miráronse os seguintes procedementos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- DO0201 Planificación y Desarrollo de la enseñanza (Clave)</li> <li>- MC05 Satisfacción de Usuaris y usuarios (Estratéxico)</li> <li>- PM01 (Medición)</li> </ul> Non se atoparon rexistros do máster.
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	Aparentemente, non existen asuntos que xorden da implantación de procedementos do SGC xa que todos parecen asuntos administrativos de trámite.

### 1.3.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

### 1.3.2 Valoración do Criterio:

<b>Sistema de Garantía de Calidade</b>	<b>D</b>
--	----------

### 1.3.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Non Conformidade	E05- E7-E8	Non existe

**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:** Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

<b>Evidencias:</b>	<b>Descrición</b>
E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe	No autoinforme de seguimento inclúese un enlace á páxina de calidade do centro na que non existe nin información do curso 2014-15 nin información do máster nos documentos existentes de anos anteriores. Atopouse na web do centro o informe de Revisión do Sistema pola Dirección 2014-15 que non aporta información relevante do máster.
<b>Indicadores:</b>	<b>Descrición</b>
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Profesorado: participación aprox. 50%. Satisfacción: todos os ítems por enriba de 4. Valor medio 4.3. Recursos humanos: 4.43. Alumnado: participación por debaixo do 20% (4 de 21, todas mulleres). Satisfacción: case todos os ítems entre 3 e 4. Algún por debaixo de 3. Ningún superior a 4. Valor medio: 3.3. Non parece que existan problemas.
I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	Nos se puido atopar o indicador nin na web nin no informe de seguimento nin no informe de Revisión pola Dirección.

**1.4.1 Puntos Febles:**

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Non existen resultados das EAD	NON	
Non existe informe de revisión pola dirección	NON	

**1.4.2 Valoración do Criterio:**

**Recursos Humanos** **C**

**1.4.3 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E27	Non se aporta información



**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:** Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Profesores: 4.35 (homes 4.31/mulleres 4.41). Similar ao resto dos items. Alumnos: 3.60 (homes 0.00/mulleres 3.60). É o segundo item mais valorado despois das competencias. Non existen problemas.

### 1.5.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

### 1.5.2 Valoración do Criterio:

**Recursos Materiais e Servizos** **A**

### 1.5.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:** Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

<b>Evidencias:</b>	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grado/Máster	<p>No autoinforme de seguimento achégase unha listaxe das cualificacións dos TFM. Dos 20 alumnos que figuran, hai 2 NP. As cualificacións do resto oscilan entre 9.0 e 9.8 sendo estas: 9.0 (4 alumnos), 9.5 (8 alumnos), 9.8 (6 alumnos).</p> <p>Cando todas as cualificacións dunha materia son iguais ou similares non existe diferenciación entre os alumnos. Ademais, se a cualificación é a máxima e non se corresponde co historial académico dos alumnos pode ser indicio dun problema. Os responsables do título deberían analizar este tema.</p>
E28- E18: Informes de cualificacións das materias/ asignaturas	<p>Non hai ningún suspenso. Hai 1 non presentado no primeiro cuatrimestre e 2 NP no segundo. O número total de cualificacións (1º cuatrimestre/2º cuatrimestre) é: “aprobado” 9 (4/5) “notable” 60 (28/32), “sobresaliente” 247 (101/146) “matrícula” 20 (10/10). A distribución de cualificacións está moi desprazada cara valores altos.</p> <p>En mais da metade das materias (23 de 44) nas que houbo avaliación as cualificacións foron unicamente “sobresaliente” ou “sobresaliente” e “matrícula de honor”. En 4 das 9 materias obrigatorias nas que se avaliaba a todos os alumnos a cualificación foi “sobresaliente” xeral. No informe de revisión pola dirección non hai avaliación ningunha destes resultados.</p> <p>Nesta evidencia debería aparecer o informe de cualificación de cada unha das materias. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accedese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matrícula e rendemento” e finalmente escollese o informe “AC-E08- Cualificación de cada unha das materias.</p> <p>No informe de seguimento achégase unha táboa cos resultados académicos desagregados por materias.</p>

**1.6.1 Puntos Febles:**

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Os resultados do TFG e doutras materias non son capaces de discriminar entre alumnos. Os resultados académicos non se corresponden coa nota media de acceso	NON	

**1.6.2 Valoración do Criterio:**

**Resultados de Aprendizaxe C**

**1.6.3 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E28-E18	Non se atopa análise de resultados académicos desagregados por materia.

**CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:** Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

<b>Evidencias:</b>	
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	No informe de revisión pola dirección non hai avaliación ningunha destes resultados
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	No informe de revisión pola dirección non hai avaliación ningunha destes resultados
<b>Indicadores:</b>	
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico: 14-15: 21; 15-16: 28. Non parece haber problemas.
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Satisfacción do estudantado: pode haber algo de sesgo posto que so responden 4 alumnas. Todos os ítems alcanzan valores medios (3.2-3.5) excepto satisfacción coa orientación que obtén 2.69. Satisfacción do profesorado: Cunha participación relativamente alta todos os ítems alcanzan valores ente 4.2 e 4.4. Os valores son demasiado homoxéneos para estar no extremo elevado da escala. Non se observan sesgos no desagregado por xénero. Os responsables do título deben explicar por que existe aprox. 1 punto de diferenza entre os estudantes e os profesores.
I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.	Taxa de Graduación: 85.7 (66.7 H/93.3 M) Parcial xa que só corresponde ao primeiro ano. Taxa de abandono: 0% Taxa de eficiencia: 100% Taxa de rendemento: 97.7% Taxa de éxito e avaliación: 100% e 97% Duración media dos estudos: 1.25 (H)/1.00 (M) A taxa de graduación é algo baixa tendo en conta o resto das taxas.
I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Ocupación: 70% Preferencia: 103.3% Adecuación:85.7% Nota media de acceso: 6.46 Aínda que a matrícula no máster é suficientemente alta como para que exista risco de supresión pola Xunta de Galicia, o 30% das prazas non se ocupan.

### 1.7.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Non existe análise destes datos non informe de Revisión pola Dirección		

## 1.7.2 Valoración do Criterio:

### Indicadores de Satisfacción e Rendemento C

## 1.7.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación

## 1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

## 2. Plan de Melloras do Título

### Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input type="checkbox"/> Conforme	<input checked="" type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input checked="" type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

### 2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse só as accións de mellora do cadro do último curso académico e das accións da titulación. De xeito xeral para realizar a valoración deste epígrafe, pódese facer reflexionando as seguintes cuestións. Si non hai incumprimentos ou existen incumprimentos de xeito puntual (<25% das accións) a valoración é Conforme. Si hai incumprimentos pero non son sistemáticos (<50% das accións) a valoración é Recomendación para a mellora. Si os incumprimentos son sistemáticos (>50% das accións) a valoración é Non conforme.

Cuestións	Valoración	Descrición
Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	<b>D</b>	No autoinforme de seguimento non se achega o plan de melloras do título. Conxuntamente ao informe de seguimento se achega un documento co plan de melloras do grao en CyTA que non ten nada que ver co título que se está a avaliar. Tampouco puido atoparse o documento na web do título nin na web do centro.
As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	<b>D</b>	No autoinforme de seguimento non se achega o plan de melloras do título. Conxuntamente ao informe de seguimento se achega un documento co plan de melloras do grao en CyTA que non ten nada que ver co título que se está a avaliar. Tampouco puido atoparse o documento na web do título nin na web do centro.

### 2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Non Conformidade	Plan de melloras	Non existe

### 2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

## 3. Modificacións do plan de estudos

### 3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluiranse neste todas as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que detectáronse no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado  
Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos](#) da páxina 2 deste modelo.

### 3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	